

Creación, configuración e deseño dun blog en Blogger

1 Por que crear un blog en Blogger

Antes de crear un blog e poñerse a bloguear, é necesario pensar nos obxectivos que perseguimos para que a elección se axuste ás nosas esixencias. Son moitas as posibilidades á hora de crear un blog, pero para crear un blog educativo, quizá a mellor elección sexa o servizo gratuito de Blogger, que pertence a Google. Algúns motivos poden ser os seguintes:

1. Para empezar, son moitos os docentes que teñen blogs de Blogger e que os veñen utilizando desde hai moito tempo. Por tanto, esa práctica continuada indúcenos a pensar que é unha boa elección. Aínda por riba diso, é o servizo de blogs máis utilizado no mundo, e en España conta con moitos usuarios.
2. É un xestor de blogs sinxelo de manexar, e por iso é adecuado para quen empeza neste novo ámbito dos blogs. Pero ademais ten moitas opcións e posibilidades para os blogueros máis experimentados e inqedos.
3. As súas posibilidades inclúen a incorporación de códigos alleos que nos permitan introducir actividades educativas creadas con programas específicos como, por exemplo, Hot Potatoes ou EDLIM, moi utilizados no ámbito do ensino
4. Podemos configurar o blog facilmente para personalizalo, aínda que ten as súas pegas de configuración, como veremos máis adiante. Deste xeito, os blogs de Blogger non parecen todos iguais.

1.1 Como son os blogs de Blogger

Sempre sentimos curiosidade por saber como son os blogs creados nun servizo web antes de crear o noso propio. É unha boa forma de saber o que podemos crear nós. No documento “Exemplos dos diferentes usos educativos dos blogs” tes unha chea de exemplos.

1.2 Carencias de Blogger

Ningún servizo gratuito de blogs inclúe todo o que nos gusta. Cada un ten a súa personalidade e as súas limitacións, e estas en moitos casos débense a motivos de seguridade.

Blogger é un servizo con moitas posibilidades, quizá máis ca maioría, pero carece dalgunhas opcións importantes:

1. Non se poden dividir as entradas para que na portada apareza só unha introdución mentres na ligazón permanente poida aparecer todo o artigo. Se as entradas son longas, convén facer isto, o que noutros xestores si se permite.
2. Non hai estatísticas sobre o número de visitas nin sobre o número de lecturas das entradas.

3. Non existe a posibilidade de crear páxinas estáticas, é dicir, entradas que non formen parte do fluxo do blog, senón que permanezan aparte e se acceda a elas desde un menú. Este tipo de páxinas é conveniente cando se quere crear páxinas informativas soamente.

Inda así, son máis a vantaxes cas desvantaxes e seguimos apostando por este servizo de blogs.

2 Creación dun blog en Blogger

2.1 Primeiro paso: crear unha conta de Google



Cando entramos en Blogger, convidánnos a crearnos un blog en só tres pasos, pero antes conviría realizar unha visita rápida, como nos indican cunha ligazón de fondo azul, para coñecer de que vai isto. A continuación, facemos clic na ligazón da frecha laranxa para crear o noso blog.

A primeira fase só será necesaria se non temos conta en Google. Como na fase da presentación deste curso xa creamos dita conta, facemos clic na ligazón "primeiro accede a ela", desde onde accederemos ao segundo paso. Non fai falta ter unha conta en Google, pero convén tela se queremos acceder a todas as súas ferramentas, que son as máis utilizadas na Web.



2.2 Segundo paso: asignar nome ao blog



Nesta fase simplemente escribiremos un nome para o noso blog, que poderemos cambiar máis tarde, e asignarémolle un enderezo de internet, que non poderemos cambiar. É importante que a dirección sexa curta e sempre **con letras minúsculas, sen caracteres especiais como taches ou eñes**. A dirección adoita ser o nome do blog ou o nome do autor, pero pódese pór o que se queira.

Por exemplo, o blog se chamase "O meu blog en Blogger", poríalle esta dirección: omeublogenblogger. Despois Blogger engade a parte restante até quedar así: <http://omeublogenblogger.blogspot.com>.

Pero antes de continuar hai que facer clic na ligazón Comprobar a dispoñibilidade para ver se ese nome xa está elixido por outro membro; e adoita ocorrer con frecuencia que xa estea utilizado, así que hai que aguzar o enxeño. Se ocorre isto, avísannos coa frase: "Sentímolo, esta dirección do blog non está dispoñible".

A sección de Configuración avanzada non nos interesa agora, aínda que é unha opción moi interesante para poder situar o noso blog nun servidor propio.

2.3 Terceiro paso: elixir unha plantilla persoal



Por último, teremos que elixir unha plantilla, que é o deseño xeral do blog. Elixiremos a que máis nos guste, e para iso activaremos a casilla que hai debaixo da súa imaxe. Esta plantilla pódese cambiar posteriormente sempre que queiramos.

E xa completamos todos os pasos para crear o noso blog en Blogger, e podemos acceder ao Panel con control.

2.4 Como acceder ao novo blog

Un problema moi común entre os principiantes é que non saben acceder ao seu novo blog. Pódese acceder de dúas formas:

- A forma máis sinxela é ir á páxina principal de Blogger, e alí nos presentan un pequeno formulario cun campo de texto e outro de contrasinal.



No primeiro escribimos o noso nome de usuario, neste caso a nosa conta de Google ou a dirección completa da conta de correo con que rexistramos o noso blog. Cando fagamos clic na ligazón Acceder, chegaremos ao noso Panel do blog.

- Escribindo a dirección completa do novo blog como, por exemplo: <http://omeublogenblogger.blogspot.com>.


Neste caso, aparecerán unhas ligazóns na parte superior do blog. Hai que facer clic en **Acceder**, que está na parte dereita, e entón chegaremos á páxina principal de Blogger para incluír os nosos datos. Se estamos conectados a Blogger no navegador (por medio das cookies), hai que facer clic na ligazón Panel, e entraremos directamente ao noso blog.

Os visitantes verán o novo blog escribindo a súa dirección ou URL na barra de direccións do seu navegador. Pasados uns días, despois de que os buscadores tiveran tempo a rastrexar o novo blog, tamén se poderá acceder a el simplemente escribindo o nome do blog no buscador.

Para terminar esta sección, diremos que un usuario pode crearse máis dun blog en Blogger, e cando se acceda ao panel de control, aparecerán alí todos os nosos blogs.

Configuración e deseño do blog

2.5 O panel de control ou Escritorio



Cando accedemos ao noso blog recentemente creado, atopámonos co Panel, que nos dá acceso á parte privada do blog ou administración. Na imaxe superior mostro o meu, que inclúe os blogs de Blogger nos que publico.

Desde aquí controlamos todos os nosos blogs e tamén, á esquerda, o noso perfil de usuario e a nosa conta.

O perfil de usuario é importante para formar parte da comunidade de Blogger, que é moi extensa en todo o mundo. Estes datos persoais poderanos ver os visitantes do noso blog, pero tamén aparecerán cando escribamos un comentario noutro blog. Sempre é conveniente que escribamos algúns datos nosos para que os demais nos coñezan, aínda que sexa un pouco, pois non hai que esquecer que o carácter persoal é importante nos blogs.

No panel de control aparecen outras ligazóns importantes:

1. Nova entrada: para escribir un novo texto no noso blog.
2. Entradas: para ver todas as entradas escritas no blog.

3. Configuración: para configurar o noso blog, é dicir, para personalizalo segundo os nosos gustos e necesidades.

4. Deseño: para modificar o deseño elixido ou escoller outro novo.

2.6 Configuración rápida das opcións

Antes de empezar a escribir no blog, convén realizar unha serie de cambios na configuración. Non fai falta que sexan moitos, e sempre se poden deixar as cousas como están. Agora imos examinar uns posibles cambios que podemos realizar cando facemos clic na ligazón **Configuración** do panel. Neste caso, atoparémonos con tres pestanas características do panel do blog, e está activa a da configuración:



Debaixo da pestana **Configuración** aparece unha fila con outras opcións, pero de entrada xa estamos na opción chamada **Básico**. Agora imos analizar brevemente as opcións máis importantes, aínda que moitas delas están xa explicadas no blog.

1. Básico:

- **Título:** é o título do blog, que se pode modificar sempre que se queira.
- **Descrición:** é unha descrición do blog, que aparecerá debaixo do título na cabeceira do blog.
- **Desexas engadir o teu blog ás nosas listas?:** é aconsellable.

2. **Formato:** nesta sección cámbianse os formatos de data e hora, e adáptase a zona horaria que, no noso caso, é (GMT+01:00)Madrid.

3. **Comentarios:** nesta sección configúranse os comentarios, aínda que dita configuración adoita estar xa establecida de maneira normal, e poucos cambios serían necesarios.

4. Archivo:

- **Frecuencia de arquivo:** aquí establecemos a frecuencia con que desexamos que se garden as entradas publicadas de forma visual no lateral do blog.
- **Habilitar páxinas de entrada?:** as páxinas de entrada son as páxinas individuais ou ligazóns permanentes para cada entrada, aos que se chega xeralmente facendo clic no título que unha entrada ten na portada. É importante ter habilitada esta opción.

5. **Feed do sitio:** un feed é un anglicismo que se refire a unha forma de distribuír o contido do noso blog noutros blogs que recollen a nosa ligazón de feed, situado na parte inferior do blog coa expresión "Subscribirse a: (Entradas Atom)". Con esa ligazón, pódense publicar as nosas entradas completas ou curtas noutro blog automaticamente conforme as vaíamos publicando.


6. **Permisos:** nesta sección engádense autores novos ao blog, de maneira que se converta nun blog colectivo. Tamén se pode elixir quen queremos que vexan o noso blog.

2.7 Modificacións das plantillas

Para cambiar o deseño do blog, podemos acceder desde a pestana **Plantilla** ou a ligazón **Deseño** do panel. Nesta sección temos a posibilidade de **Engadir e organizar elementos da páxina**, unha forma intuitiva de incluír novos elementos ao blog. Esta é a opción máis impresionante que teñen os blogs de Blogger e engaden elementos ao lateral do blog ou na cabeceira principalmente. Para ver como funciona, facemos clic na ligazón **Engadir un gadget** e aparecerá unha xanela nova:



Podemos engadir calquera dos gadgets predefinidos por Blogger.s o có Podemos probar a incluír un texto sinxelo que defina o noso blog e que lean os visitantes. Para iso elixiremos **Texto** e faremos clic en **Engadir** ao blog. A continuación apareceranos unha xanela como a seguinte, onde configuraremos o texto:



Cando facemos clic en Gardar cambios, xa podemos ver o texto de presentación no lateral do blog.

Algo máis avanzado que permite blogger, é engadir calquera recurso que haxa na Web a través do código HTML ou JavaScript. Coa mesma opción de **Texto**, seleccionamos **Edición de HTML** e pegamos o código que queiramos engadir do gadget, por exemplo, saquei da páxina tutiempo.net o código para insertar a predición do tempo da localidade de Lugo:

```
<!-- www.TuTiempo.net - Ancho: 217px - Alto:249px -->
<div id="TT_DkkkkEk6KQIMKiuzzDjjvaraKljjDjj"><h2><a
href="http://www.tutiempo.net/Tiempo-Espana.html">El Tiempo</a></h2><a
href="http://www.tutiempo.net/Tiempo-Lugo-E27001.html">El tiempo en Lugo</a></div>
<script type="text/javascript"
src="http://www.tutiempo.net/TTapiV2/DkkkkEk6KQIMKiuzzDjjvaraKljjDjj"></script>
```

Pero como é un curso de iniciación, deixamos este eido e quen queira afondar na cuestión que pregunte.

Na parte inferior dereita aparecerá, sempre que esteamos conectados coa nosa conta, unha icona que nos permite abrir o elemento para modificalo ou borrarlo. Isto tamén se consegue desde a sección **Deseño da administración**.

2.8 Modificación doutros elementos

As outras dous partes desta sección de **Plantillas** resultan útiles:

- **Fontes e cores:** aquí podemos elixir facilmente as cores do texto e dalgunhas partes do deseño do blog, o que nos permite personalizar o blog para que non se pareza a outros miles de blogs que utilizan a mesma plantilla que eliximos ao crear o blog.
- **Seleccionar plantilla nova:** aquí podemos cambiar o persoal xeral do blog cando queiramos. Sempre convén elixir a que mellor se adapte aos nosos gustos e á vez sexa apropiada ao contido do noso blog.

Extraído do Congreso *"Internet en el Aula"*, de **Alejandro Valero**

<http://fresno.pntic.mec.es/avaler3>

Traducido e adaptado por **Miguel Carricoba Armesto**



<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/es/>